



**CES**  
GALICIA  
Consello Económico e Social de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

galicia

Ditame

1/22

**DITAME**

sobre o anteproxecto de  
**Lei de mellora da xestión  
do ciclo integral da auga  
de Galicia**



**APROBADO POLO PLENO O 18 DE FEBREIRO**



Xacobeo 21-22

Todos os documentos do CES poden atoparse en

**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente Agustín Hernández Fernández de Rojas

Secretario xeral Manuel Martínez Varela

#### GRUPO PRIMEIRO

CIG Miguel Malvido Cabirto  
Susana Méndez Rodríguez  
Héctor López de Castro  
Natividade López Gromaz

CC.OO. Juan Martínez García  
Xesús Castro Baamonde  
Carlos Pardo Pardo

UGT-Galicia José Carlos Rodríguez del Río  
Delia Irene Martínez Conde  
Mar Martín González  
Trinidad Campos Rodríguez

#### GRUPO SEGUNDO

CEG José Antonio Neira Cortés  
Javier Martínez López  
Jaime Luís López Vázquez  
J. Ignacio López-Bachiller Fernández

Marisol Nóvoa Rodríguez  
Ana Belén Vázquez Eibes  
Laura Otero Rúa  
David Martínez Alonso

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Jacobo Feijóo Lamas Alba Torreira Puga
SLG	Ramón Barreiro Carnota Ana Eiras Regueira
Confrarías	José Manuel Rosas Otero Manuel Daniel Formoso Moledo
Consumidores	Rosa Celia Otero Raña Miguel López Crespo
Economía social	María del Mar Pernas Márquez
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro
Universidade Santiago C.	Edelmiro López Iglesias
Universidade de Vigo	José María Martín Moreno

acordou emitir por maioría absoluta, coa abstención dos representantes de Consumidores e sen votos en contra, o ditame que literalmente se transcribe de seguido:

## ANTECEDENTES

---

1.- En data 27 de decembro de 2021, no marco da sesión da CS-2, compareceron a petición propia a directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez López, e o xerente do Organismo, Gonzalo Mosqueira, para explicar as novidades do anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga de Galicia.

2.- En data 29 de decembro de 2021 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre “Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”.

3.- O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 29 de decembro, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 2, *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da solicitude de ditame.

4.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria xustificativa e económica, Informe de Sostibilidade Financeira, Informe da Asesoría Xurídica, Análise de Impacto Demográfico, Informe de Impacto de Xénero, e do Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, entre outros documentos.

5.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 4/22, do 11 de febreiro, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

6.- A presidencia do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 1/22, do 18 de febreiro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

#### **DITAME**

**sobre o anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga de Galicia.**

## ESTRUTURA E CONTIDO

---

A auga é un ben de primeira necesidade e esencial tanto para os seres humanos como para a actividade económica de calquera sector, así como un elemento natural imprescindible para a vida e a configuración dos sistemas ambientais, sendo ademais unha das sinais de identidade cultural e natural de Galicia. Acadar os máis altos estándares na calidade das augas require contar cun conxunto de infraestruturas que permitan almacenar, potabilizar, distribuír e depurar a auga evitando afeccións á natureza e reducindo a súa pegada ecolóxica.

Non obstante, a prestación dos servizos municipais da auga presenta unha enorme dificultade como consecuencia non só das singularidades demográficas e xeográficas de Galicia, senón tamén do contexto do cambio climático, das recomendacións europeas orientadas cara un consumo responsable, sustentable e eficiente da auga e por mor da complexidade técnica e económica intrínseca á prestación destes servizos municipais relacionados coa auga.

Como reflicte a exposición de motivos, o obxectivo principal deste marco normativo é ofrecer aos concellos unha alternativa, de carácter voluntario, para regular o apoio nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración das augas, creando un novo modelo de xestión que pretende garantir a calidade dos servizos tanto ás persoas como ás actividades económicas, a eficiencia na explotación das infraestruturas e a viabilidade económica dos sistemas. Búscase un novo marco normativo que aposta pola coordinación e a implicación de todas as administracións con competencias na materia (Xunta de Galicia, deputacións provinciais e concellos), cun texto legal que establece instrumentos de cooperación que garanten a corresponsabilidade e o cofinanciamento na programación de investimentos necesarios para a mellora do ciclo integral da auga. Xunto á devandita exposición de motivos, o anteproxecto de lei contén 80 artigos que se estruturan en tres títulos, ademais de tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, tres disposicións finais e dous anexos.

O título primeiro contén as “Disposicións xerais da xestión do ciclo integral da auga”, artigos 1 a 5, e regula o obxecto e ámbito de aplicación da lei, definicións, finalidades e principios de actuación, co fin de garantir as necesidades básicas de uso da auga en condicións axeitadas de cantidade e calidade e a protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados.

O título II, dedicado ás “Medidas para a mellora do ciclo integral da auga e das prestacións dos servizos asociados”, comprende os artigos 6 a 27. Estrutúrase en tres capítulos nos que se establecen as medidas relativas á mellora da ordenación da súa xestión, regulando e clarificando a figura das aglomeracións urbanas; á prestación dos servizos do ciclo integral, definindo os seus obxectivos e establecendo medidas para garantir a sustentabilidade e viabilidade económica da xestión e a calidade das augas; e por último, regulando a mellora da xestión do ciclo integral nos supostos da adhesión voluntaria das Entidades Locais por ter dificultades para levalos a cabo por si mesmos, debido a súa carencia de recursos.

O título III aborda o “Sistema de financiamento da xestión do ciclo integral da auga por Augas de Galicia nos supostos de adhesión voluntaria das Entidades Locais”. Comprende os artigos 28 a 80 e divídese en cinco capítulos: Sistema de financiamento da xestión do ciclo integral da auga; Canon da xestión de depuradoras; Canon da xestión da rede de colectores; Normas comúns para a xestión do canon de xestión de depuradoras e de xestión de redes de colectores; Canon de xestión de abastecementos.

Finalmente, o anteproxecto incorpora tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria (derroga expresamente o Capítulo III do Título IV da Lei 9/2010, do 4 de novembro), tres disposicións finais e dous anexos.



## CONSIDERACIÓNS XERAIS

---

**1.-** A auga é un ben básico para a vida e debe ser considerado como un ben público e universal, e que debe cumprir una función social de alimento e de hixiene para as persoas.

Hai que distinguir os diferentes usos da auga: como elemento básico para a vida, dereito humano que ten que ser garantido, como servizo público, en relación cos valores sociais de interese xeral e como medio necesario nos distintos procesos produtivos, danos idea dos criterios da diferentes xestións.

Neste senso, o CES resalta que os gobernos deben garantir o subministro e a calidade da auga para o consumo a toda a poboación, con independencia de se viven no rural ou en áreas urbanas, do grado de dispersión do asentamento, do tamaño da poboación onde resida e do nivel de renda das familias.

**2.-** O CES quere destacar a relevancia das finalidades e principios que este Anteproxecto persegue como fins da xestión do ciclo integral da auga, regulados nomeadamente nos artigos 4 e 5. Neste senso cómpre resaltar o carácter positivo e a coincidencia coas devanditas finalidades que persegue o texto proxectado: garantir a satisfacción das necesidades básicas do uso da auga, en condicións axeitadas de cantidade e calidade; a protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e territorios asociados; así como avanzar no cumprimento da xestión.

**3.-** O CES desexa chamar a atención sobre a necesidade de adoptar unha perspectiva o máis ampla posible da problemática do ciclo integral da auga. Nomeadamente, bótase a faltar a referencia expresa a unha análise de todos os recursos hídricos, incluídos os recursos hídricos naturais, a nivel da conca hidrográfica, que é a unidade e a escala necesaria de análise hidrolóxica. Asemade, ao longo da exposición de motivos e do texto da lei, fálase dos servizos

urbanos de auga de abastecemento e saneamento (depuración) pero bótase en falta referencias á drenaxe urbana e da xestión de augas pluviais, obviando os problemas das redes unitarias de sumidoiros e os problemas da escorrentía contaminada, cando o sistema de drenaxe tamén require investimento, xestión e recuperación de custos.

**4.-** Tendo en conta a relevancia do tema e a existencia de distintos actores con competencias na materia, o CES considera necesario mellorar a súa colaboración e coordinación tanto no eido da planificación estratéxica como da xestión integral da auga.

Dunha banda, sería convinte contar coa correspondente planificación estratéxica na que participe o amplo mapa de actores que forman parte da política e están relacionados co ciclo integral da auga. Desta planificación debe resultar unha política de xestión que responda tanto ás necesidades como ás características propias de Galicia, que inclúa e recoñeza á totalidade de actores que forman parte do ciclo integral da auga.

Neste sentido, con esta planificación deberíase asegurar que o conxunto das infraestruturas que permiten almacenar, potabilizar, distribuír e depurar a auga estea garantido para tódolos cidadáns e actividades económicas de calquera sector e territorio. Tamén debe asegurar que a dotación das infraestruturas necesarias para garantir os servizos de abastecemento e depuración sexan os necesarios e axeitados en toda Galicia, contando con plans de dotación e mantemento que garantan as condicións óptimas das infraestruturas.

**5.-** As medidas de mellora propostas para a xestión do ciclo integral da auga focalízanse na actuación de Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos. En todo caso, o CES resalta que as actuacións das Entidades Locais á hora de determinar a forma de xestión dos seus servizos públicos teñen que basearse en criterios comúns de calidade, sostibilidade e eficiencia.

6.- O CES considera imprescindible que a normativa garanta que parte dos importes económicos recadados pola prestación dos servizos de xestión da auga (canons) revertan sempre na mellora do servizo e das infraestruturas necesarias para a súa prestación.

7.- En opinión do CES a normativa debería clarificar se a aplicación dos canons supón un incremento da carga financeira que tanto os concellos como a cidadanía teñen que soportar.

8.- Co actual marco legislativo, existe a posibilidade de cobrarlle un canon de abastecemento ás persoas e entidades con captacións propias, e de maneira particular ás explotacións agrícolas e gandeiras. O CES entende que non ten xustificación que aqueles que non reciben ningún servizo de abastecemento ou saneamento teñan que pagar un canon. Isto impacta principalmente no ámbito rural, onde sería preciso desenvolver políticas específicas para garantir o abastecemento de tódalas vivendas e actividades, pero o último que se precisa no ámbito rural galego é unha carga fiscal máis por un servizo que non perciben.

9.- O CES celebra que no informe de tramitación recollido no expediente enviado para o ditame deste Anteproxecto se recolla que

*“A colaboración técnica e financeira que ven prestando a Administración Hidráulica de Galicia, en base a normativa que xa existe (Decreto 59/2013, do 14 de marzo, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas) non se verá afectada por este anteproxecto e continuará realizándose para todas as entidades locais do territorio da Comunidade do mesmo xeito que se ven facendo. Do mesmo modo que a colaboración coa axuda económica necesaria para poder levar adiante as distintas medidas para todas as entidades locais tamén continuará, a pesar de ser unha competencia municipal”.*

Con todo, o CES insiste unha vez máis na necesidade de afondar de maneira efectiva nesta colaboración institucional.

**10.-** En prol dunha mellora da coordinación ou integración normativa, e en relación ao obxecto de “protección de recursos hídricos”, o CES considera necesario unha referencia expresa á normativa que regula e establece o papel de Augas de Galicia e os mecanismos de control de consumo de recursos hídricos que poidan condicionar ou comprometer abastecementos domésticos así como de actividades que poidan resultar contaminantes ou afectar á calidade das augas ou comprometer os caudais ecolóxicos.

**11.-** Finalmente, o CES recorda a necesidade de que na exposición de motivos se faga alusión a que o proxecto de lei foi obxecto de ditame por parte do Consello Económico e Social de Galicia.

## **CONSIDERACIÓNS PARTICULARES**

---

### **Artigo 4. Finalidades da Lei**

Se ben existen normas que regulan aspectos relacionados coa garantía de abastecemento de auga en calidade e cantidade adecuadas (Lei 9/2010, Lei 9/2019), o CES entende que esta garantía de abastecemento de auga debería constituír tamén un fin e principio de actuación na xestión do ciclo integral da auga.

### **Artigo 5. Principios de actuación na xestión do ciclo integral da auga**

O CES considera que dentro dos principios de xestión das augas debe incorporarse o de “transparencia, bo goberno e datos abertos na xestión”. Enténdese como positivo que a cidadanía poda ter acceso a datos como os relativos ás analíticas das augas de consumo das redes de abastecemento, redes que se xestionan, cargas contaminantes, etc.

### **Artigo 6. Fixación das aglomeracións urbanas de Galicia**

En opinión do CES é positivo a consideración territorial de “aglomeracións urbanas”, pero entende que a súa aprobación definitiva e as modificacións posteriores deberían ser sometidas a control parlamentario a prol dunha maior estabilidade.

### **Artigo 11. Outras medidas relacionadas coa ordenación dos sistemas de saneamento e depuración**

O CES considera que deben promoverse os sistemas de xestión que reduzan os consumos de enerxía ou produtos lesivos para o medio ambiente, favorecendo os sistemas de depuración con medios naturais e vexetais adecuados.

### **Artigo 13. Medidas relacionadas coa ordenación dos sistemas de abastecemento**

No apartado segundo deste artigo regúlase que os sistemas de abastecemento que subministren auga a unha poboación superior a 20.000 habitantes deberán sectorizar as súas redes de distribución dividíndoas en áreas e sectores hidrométricos diferentes que permitan a medición do consumo no interior de cada un deles. En opinión do CES, se ben se estipula que as administracións públicas titulares das infraestruturas deberán executar as obras oportunas, chama a atención que neste artigo non se estableza un prazo para o cumprimento da devandita obriga.

### **Artigo 16. Obxectivos na prestación dos servizos do ciclo integral da auga**

No concernente ao previsto na súa letra b) sobre acadar unha viabilidade económico-financeira na xestión do ciclo integral da auga, o CES considera necesario apuntar aos instrumentos de control desa viabilidade económico-financeira aínda que despois sexan obxecto dun desenvolvemento regulamentario.

Asemade sería de interese incorporar tamén como obxectivo o de avaliar e ter en conta o impacto económico e repercusión nos consumidores, segundo o modelo de xestión da auga que adopte cada administración local e os canons establecidos para os distintos servizos.

### **Título III. Sistema de financiamento da xestión do ciclo integral da auga por Augas de Galicia nos supostos de adhesión voluntaria das Entidades Locais**

Ao fío da consideración xeral oitava, no texto da lei recóllense diferentes disposicións que continúan no camiño de cobrarlle o canon de abastecemento e de vertedura a persoas e entidades que non están recibindo ningún servizo, senón que tiveron que dotarse dos seus propios sistemas de abastecemento

e de saneamento, e teñen que afrontar os seus propios custes de xestión e mantemento. O CES entende que non procede a aplicación destes tributos cando non hai prestación de servizos posto que afonda na discriminación de quen que vive no rural ou exerce actividades vinculadas ao mesmo.

Estas disposicións non aplican correctamente a directiva marco da auga no relativo á recuperación dos custes, xa que o seu artigo 9 se refire á recuperación de custes dos servizos relacionados coa auga, pero nestes casos non hai servizos, de maneira que non se dá un dos elementos esenciais que o poidan xustificar.

Como exemplo dos artigos referidos mencionamos os seguintes: 33.2.b); 33.4.b); 36.2; 51.2.b); 51.4.b); 54.2;

### **Artigo 33. Suxeito pasivo e outros obrigados tributarios**

No apartado terceiro deste artigo (e concordantes) establécese que as entidades subministradoras terán a consideración de suxeitos pasivos como substitutos do contribuínte. O CES considera necesario clarificar no texto este papel das entidades como substitutos o cal podería levar importantes custes adicionais para estas. Con todo, a natureza da súa responsabilidade non debería ser solidaria senón que subsidiaria.

## OUTRAS CONSIDERACIÓNS

---

1.- Debería realizarse unha revisión lingüística do anteproxecto, en relación co seguinte:

- a) Utilización no artigo 3 “Definicións” das letras “j” e “k”, que non fan parte do alfabeto galego.
- b) Uso incoherente ou incorrecto de maiúsculas distintivas para denotar a mesma realidade: entes locais/Entes locais; concellos/Concellos; Deputacións provinciais/ deputacións provinciais/ Deputacións Provinciais.
- c) Uso incorrecto de verbos polo sentido: ostentar, contemplar, cumprimentar...
- d) Uso incorrecto de ter + participio.
- e) As disposicións derradeiras deberían denominarse disposicións finais para non contradicir a definición que do termo derradeira fai a Real Academia Galega.

2.- Debería realizarse unha revisión ao texto, nomeadamente á exposición de motivos, en aras a facilitar a súa lectura tendo en conta a utilización de períodos excesivamente longos, repetitivos e mal puntuados (hai parágrafos de dez liñas sen ningún punto).

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2022

Vº e P.  
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Manuel Martínez Varela





[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)